



CURSOS DE FORMACIÓN VOLUNTARIADO E ASOCIADOS CEMMA 2012



DATAS

19 de Maio	23 de Xuño
26 de Maio	30 de Xuño
02 de Xuño	07 de Xullo
09 de Xuño	14 de Xullo
16 de Xuño	

Horario do Curso: 10:00 a 14:00

Obxectivo e Metodoloxía

Os cursos, de carácter teórico-práctico, teñen como finalidade a formación do voluntariado e asociados da CEMMA ,nas metodoloxías de campo e no enfoque da educación ambiental

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centro de coordinación da CEMMA
Camiño do Ceán Nº2 (O Ceán).
Nigrán. Pontevedra

INSCRIPCIÓN

cannaluz@hotmail.com
Tlf de contacto: 661264255 (Luz)

ATENCIÓN

Todas as actividades son gratuítas
(excepto o bautismo de buceo)
Cada curso terá como máximo 20 asistentes
(en riguroso orden de inscrición)
Será necesario un mínimo de 10 asistentes
para a realización do curso
Plazo de inscrición ata 4 días antes da
realización do curso.
Unha vez aceptados/as ao curso recibirédes
un correo electrónico coa confirmación

19/05 - Curso Campañas de monitorización marítima

Coa intención de recoller a mellor información sobre a comunidade de cetáceos das augas galegas, é imprescindible levar a cabo campañas marítimas para ter acceso a aquelas especies que viven máis lonxe da costa. Os embarques son a mellor ferramenta para o estudo de cetáceos de fora das rías.

Neste curso afondarase na metodoloxía a utilizar dende a embarcación e o estudo posterior dos datos recollidos.

Impartido por Ángela Llavona. Responsable das campañas litorais dende embarcación da CEMMA.

26/05 - Curso Monitorización costeira

Nas rías galegas viven varias mandas de arroceos (*Tursiops truncatus*), que é a especie máis coñecida pola xente, aínda que tamén se poden observar outras especies. Os estudos que se están a desenvolver son realizados dende 30 puntos repartidos uniformemente na costa, o que constitúe a rede costeira de monitorización costeira-RAVIS.

Neste curso amosarase a metodoloxía teórico-práctica da observación costeira de Cetáceos.

Impartido por Juan Díos. Responsable dos avistamentos costeiros da CEMMA.

02/06 - Bautismo de Buceo

O obxectivo deste curso é realizar unha primeira toma de contacto co mergullo autónomo, para poder coñecer as sensacións que se experimentan ao realizar unha inmersión. O curso realizarase nas instalacións do centro de mergullo Buceo Balea, en Vigo, e será impartido polos seus técnicos. Consta dunha pequena explicación teórica e dunha inmersión na que se realizará un pequeno percorrido submarino.

Ten un custo de 20 euros e inclúe o equipamento e o seguro de accidentes.

Número máximo de asistentes: 8

Esta actividade realizarase de 16:00 a 19:00

09/06 - Curso Impacto social da Educación Ambiental

A educación ambiental, un dos alicerces da CEMMA, é a base da integración do medio mariño na sociedade para tratar de conseguir respostas respectuosas co medio.

Neste curso amosarase a base da educación ambiental da CEMMA e as técnicas da translación da información.

Impartido por Alfredo López. Responsable da educación ambiental na CEMMA.

16/06 - Limpeza de Fondos Mariños

Dende hai 5 anos, a CEMMA ven participando moi activamente en diversas limpezaas submarinas que se realizan ao longo de toda a costa galega, colaborando co seu equipo de mergulladores na localización e recollida de residuos no fondo do mar, e poñendo en marcha a Unidade de Recuperación de Fauna Mariña, coa que se consegue devolver ao medio todos aqueles organismos que chegaron a terra adheridos aos residuos que foron retirados do mar.

Ademais, nestas limpezaas realízase tamén un traballo moi importante de educación e sensibilización ambiental.

Poderás participar nas limpezaas submarinas como mergullador, persoal de apoio en terra ou monitor ambiental.

Pola tarde, as 16:00, farase unha limpeza de fondos no porto de A Guarda, en colaboración co Grupo de Acción Costeira Ría de Vigo- A Guarda

Impartido por Jose Mtnaz Cedeira. Responsable da sección de mergullo da CEMMA

23/06 - Curso Asistencia aos animais varados

Coñécese como varamento o feito de que un animal mariño quede en seco na costa sen posibilidades de voltar ao mar polos seus propios medios. É un feito accidental que afecta a cetáceos, plinnípedos e quelonios, e que ten moita relevancia en Galicia, pois esta costa presenta as cifras de varamentos máis altas do sur de Europa.

Cando o animal está morto, investigadores da CEMMA levan a cabo a necropsia para tentar averiguar as causas do varamento.

Neste curso amosarase as bases da necropsia e a recollida de mostras biolóxicas para investigación.

Impartido por Josep Alonso. Responsable da sección de recuperación da Rede de Varamentos de Galicia.

30/06 - Curso Iniciación a fotografía dixital de cetáceos e Fotoidentificación

Con intención de dispoñer de mellor información sobre a comunidade de cetáceos das augas galegas, é imprescindible ter unha base fotográfica para ser recoñecemento e monitorización.

A técnica da fotoidentificación ten coma obxectivo a identificación dunha poboación de cetáceos en base ao recoñecemento individual do maior número de individuos posible, a través da fotografía das súas aletas. En Galicia, os estudos da CEMMA neste apartado enfocáanse no arroxaz.

Neste curso amosarase o manexo básico dunha cámara dixital e a complexidade de facer fotografía dun animal en movemento. Así como o recoñecemento dun animal mediante a fotoidentificación.

Impartido por Paula Pérez e Juan Díos. Responsable de audiovisuais e Fotoidentificación da CEMMA.

07/07 - Curso Bioacústica en Odontocetos

A bioacústica inclúe técnicas de estudo do sistema de emisión-recepción dos cetáceos, o seu uso permite levar a cabo o seguimento de poboacións, mecanismos de identificación específicos e comunicación. Tamén resulta un método axeitado para monitorizar os efectos do ruído producido polas actividades humanas sobre as poboacións animais. Así mesmo, a bioacústica tenta desvelar as relacións entre as características dos sons que produce un animal e a natureza do medio no que se utilizan, así como as funcións para as que están deseñados.

Neste curso exporase a metodoloxía dos sistemas de detección acústicos.

Impartido por Juan Díos. Responsable de Bioacústica da CEMMA.

14/07 - Obradoiro Osteolóxico

Coñecer a estrutura osteolóxica dun mamífero mariño é fundamental para chegar a ter un bo coñecemento sobre a súa anatomía e bioloxía.

Neste obradoiro coñeceremos as diferentes técnicas que se poden empregar para chegar a preparar pezas e coleccións osteolóxicas a partir dos cadáveres, dun xeito totalmente práctico, traballando directamente cos ósos, desenterrándoos, limpándoos e clasificándoos. Coñeceremos as diferenzas entre especies, sexos e idades.

Impartido por Alfredo López e Jose Mtnaz Cedeira, responsables de conservación da colección osteolóxica da CEMMA.

